

1 Líder BASKET



»BABYBASKET

CONCENTRACIÓN



Lugo e Sarria acolleron unha nova cita na que os máis novos gozaron das primeiras experiencias competitivas

» LIGA GALEGA JÚNIOR MASCULINA

ESTUDIANTES está a dous pasos do título

Tralo parón de Semana Santa aos de Ángel Riobóo quedaránlles dúas finais por diante. Ante Seis do Nadal e Sigaltec, nas que, de gañar, serían matematicamente campións da Liga Galega

» LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININO

O ENSINO, subcampión, organizará os play off

Estudiantes tamén asegurou a súa presenza na final four que se disputará en Lugo co Durán Maquinaria como organizador. As de Juan Nécega rematarán segundas e as de Sise Peinó aínda optan ao podio

Júnior Feminino > Primeira | Segunda

Ensino, subcampión pese a caer en Vigo

FINAL FOUR as lucenses organizarán e serán cabeza de serie

87		63	
CELTA		ENSINO	
Xogadora		Xogadora	
Lacorzana	Marina	18	
Rivas	Esther	12	
Fontela	Silvia	11	
Otero	Núria D.	10	
Rodríguez	Uxia	2	
García	Carmen	6	
Carrera	Maria	4	
Comesaña			
Freire			
Neira			
Arambarri			



Esther Castedo nun lance do xogo ante Celta no partido de ida

“A pesar de la derrota hicimos muchas cosas bien. Tanto Juan como yo creemos mucho en estas chicas y este partido nos servirá de cara al futuro”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O Durán Maquinaria Ensino alzouse co subcampeonato da Liga Galega júnior feminina pese a perder na pista do campión, un Celta de Vigo que terminará a competición con pleno de vitorias.

A derrota de Estudiantes ante Bosco propiciou que, a falta de dúas xornadas, o Ensino xa empezou a preparar os play off nos que serán cabeza de serie e organizador. Unha cita na que estará en

xogo unha praza para o Campionato de España júnior feminino e no que se medirán seguro, con Peleteiro e Estudiantes, mentres que a cuarta praza aínda está no aire e será para Rosalía, Bosco ou Compañía de María.

A primeira derrota do Durán Maquinaria Ensino neste 2018 chegou na pista do intratable Celta de Vigo, nun partido disputado de poder a poder no tramo inicial pero desnivelado polas locais co paso dos minutos, nos que exhibiron o seu fondo de armario cunhas rotacións espectaculares.

O 20-16 do primeiro parcial reflectiu a igualdade inicial, men-

tres que no segundo cuarto, 24-16, a efectividade local eclipsou o bo xogo e a loita por cada balón do Ensino.

O cansazo físico empezou a ser determinante na segunda parte, na que as rotacións do Celta mantiveron un nivel de esixencia moi difícil de igualar. Pese a iso, Ensino nunca baixou os brazos, 18-14 no terceiro cuarto, e encarou o último competindo ante o mellor equipo da competición.

Ao final, no último parcial, 25-17, o Celta certificou a vitoria, máis avultada do que se viu na pista, pero coa que o Ensino alzouse co subcampeonato da Liga Galega.



A estudiantil Candela cara a pintura no encontro de ida no Anexo

Estudiantes, nos play off

A VITORIA onte ante Compañía de María deu o pase

70		66	
BOSCO		ESTUDIANTES	
Xogadora		Xogadora	
Badillo	Ana		
Otero	Alejandra		
Diéguez	Sara		
Ainara	Laura		
Feijóo	Zeltia		
Fuente	Eva		
Losada	Maria		
Grandio	Adriana		
	Marta		
	Alba		
	Uxia		
	Candela		

“Nos faltó controlar el rebote en Ourense”

SISE PEINÓ Estudiantes

celestes ao longo dun encontro de poder a poder desde o primeiro minuto.

O primeiro parcial foi de 15-12 e o segundo, pese ao bo ton defensivo das lucenses, finalizou con 24-20 ao dispoñer as locais de segundas e ata terceiras opcións de tiro. Xa na segunda parte Estudiantes chegou con vida ao tramo final no que tiveron posesión para empatar ou gañar, pero o balón non quixo entrar, cometéron falta e Bosco foise de catro no marcador final, 70-66.

Ante Compañía de María, Estudiantes volveu ter un encontro moi disputado, no que levou o mando do marcador ata que as vixegas puxéronse por diante a falta de cinco minutos. A partir de aí, a boa presión celeste e o acerto no tiro libre levoulles ata a vitoria final, 59-63.

Estudiantes estará nos play off que organizará o Ensino en Lugo, onde se medirán os equipos que finalicen a Liga Regular entre os postos segundo e quinto.

O conxunto que dirixe Sise Peiteiro disputou dous encontros case consecutivos, perdendo en Ourense ante Bosco tras un duelo de poder a poder e gañando a Compañía de María onte pola mañá. Unha vitoria coa que se aseguraron a presenza na final four.

En Ourense, o partido estivo marcado polo rebote, que foi o principal lastre das



As xogadoras do Carferlo Viveiro, Marta e Katia



A sarriá Ángela buscando unha boa liña de pase

Unha vitoria, a de Viveiro en Carballo, e unha derrota, a de Sarriá na Coruña, foron os resultados dos representantes lucenses nesta xornada na Segunda División júnior feminina, na que Porta XI Ensino e Ria de Ribadeo aprazaron os seus encontros.

A Carballo desprazouse o Viveiro con moitas ausencias, pero o conxunto que dirixe Vicente Piñón sobrepuñose a elas cun esforzo titánico das súas xogadoras, que dominaron de principio a fin o encontro.

A presión a toda pista e a boa circulación de balón en ataque propiciou que as mariñás tomasen o mando no marcador desde o inicio, 9-15 ao final do primeiro cuarto. No segundo, a presión sobre as liñas de pase continuou dando os seus froitos á vez que eran superiores nos un para un en ataque. Deste xeito chegouse ao descanso con máis oito para

2

PARTIDOS APRAZADOS
Porta XI Ensino e Ria de Ribadeo aprazaron os seus respectivos encontros desta xornada que os medirá con Betanzos e Los Rosales

Viveiro, 17-25.

Ao comezo da segunda parte Viveiro recuperou a presión a toda pista, pero o cansazo empezou a pasar factura ao acudir á cita con tan só sete xogadoras e dous delas arrastrando problemas físicos. Pese a iso, mantiveron baixo control ás locais cun parcial de 8-9, mentres que nos últimos dez minutos Carballo, que como Viveiro, non defende en zona, vendeu cara a derrota nun atractivo encontro no que as de Vicente Piñón fixeron un desgaste físico e de ganas moi grande.

Sarriá non tivo a sorte

Viveiro dominou de principio a fin

CARBALLO		VIVEIRO	
34		41	
Xogador		Xogador	
Casal	Katia		
Castro	Celia		
Aldao	Ana		
Pallas	India		
Nelo	Clara		
Velo	Carla		
Navieira	Mireia		
Gómez			

*Anotación individual non facilitada

“Victoria muy merecida de las chicas por el enorme esfuerzo defensivo y el buen trabajo del equipo a pesar de las numerosas ausencias”

VICENTE PIÑÓN Viveiro

A sorte deulle as costas a Sarriá

B. CORUÑA		SARRIA	
49		48	
Xogador		Xogador	
Fojo	Paula		
Sanjuan	Clara		
Carro	Noa		
Figueroa	Candela		
Vázquez	Alexia		
Valenzuela	Nerea		
Criado	Pereiro		
Mejide	Alba		
Penedo	Laura		
Noguerol	Marta		
Fernández			

*Anotación individual non facilitada

“Competimos hasta el final y tan solo la mala fortuna nos alejó del triunfo”

MAISA María Teresa Martínez Dental

defensa hercúlica creceu á vez que subía o desacerto das sarriás. O colmo da mala sorte chegou no último segundo cunha canastra inverosímil sobre a bucina coa que Basquet Coruña asinou a remontada final.

Coa seriedade por bandeira

ESTUDIANTES segue sólido no liderado tras impoñerse en Ourense a Bosco. Aos de Riobóo tan só os separan do título de campións da Liga Galega júnior masculina Seis do Nadal e Sigaltec

“Nuestro trabajo durante este parón será clave para la recta final de Liga” **ÁNGEL RIOBÓO** Estudiantes

56		80	
BOSCO		ESTUDIANTES	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Rivera		Andrés	7
Alvarez		Miguel	12
Pavón		Antón	3
Lorenzo		Jacobo	2
Seara		Hermida	8
López		Trabado	
Rodríguez		Rivas	12
Iglesias		Anxo	27
González		Lucas	3
Prieto		Iago	6
Alvarez		Dani	

2

FINALES POR DISPUTAR

Estudiantes segue dependendo de si mesmo para alzarse co título. Nas dúas últimas xornadas recibirán a Seis do Nadal e visitan a Sigaltec en Vilagarcía de Arousa

27

PUNTOS, ANXO PACHECO

o xogador mariñoa foi o máximo anotador do encontro e o referente ofensivo do líder da Liga Galega júnior masculina

Estudiantes segue dando mostras de fiabilidade á fronte da clasificación, pero os lucenses teñen que dar un último impulso neste parón de Semana Santa para encarar as dúas últimas citas nas mellores condicións posibles.

Aos de Riobóo, tras impoñerse en Santiago a Bosco, tan só lles separa do título autonómico dous partidos, os que disputarán en casa ante Seis do Nadal e a domicilio na última xornada ante Sigaltec.

O “partido a partido” foi unha das mellores armas coas que contou esta tem-

pada Estudiantes para manterse na loita, recortar distancias e asaltar o primeiro posto. Os celestes manteñen a folia de ruta marcada e ante Bosco Salesianos xogaron como se dunha final a partido único se tratase.

O gran momento de forma que ten Estudiantes fíxose valer desde o salto inicial en Ourense, onde toma-



Miguel Traseira encarando o aro rival con decisión ante tres defensas de Bosco Salesianos no partido de ida

ron o mando no marcador cunha posta en escena na que foron imparables en ataque. 10-21 ao final dos primeiros dez minutos.

O segundo cuarto empezo cun apagón ofensivo de ambos equipos, que chegaron ao ecuador do segundo parcial sen anotar, mentres que os últimos cinco minutos foron un intercambio

de canastras para chegar ao descanso con 28-38 no marcador.

Xa na segunda parte Estudiantes non quixo deixar nada sen atar para última hora, e cun bo baloncesto puxo terra polo medio no marcador ao comezo da segunda parte cun terceiro parcial de 11-17 que deixaba en máis 16 a vantaxe de cara

aos últimos dez minutos.

Estudiantes dominou o rebote e con acerto no tiro exterior, anotando 8 triplas na segunda parte, sempre tivo o partido baixo control. Ao final, tralo 56-80, os celestes xa puxeron a mente nos adestramentos ao longo do parón para afrontar as dúas últimas finais que teñen por diante.

2

PARTIDOS A OBRADOIRO

o conxunto compostelán, que necesita un tropezco do Estudiantes, visita a Xiria na próxima xornada e recibe a Rosalia no derbi co que pechará a Liga regular



Pablo Mato en plena transición ofensiva ante 4 rivais



Guille Rasilla anotou 14 puntos neste encontro

Cidade de Lugo buscará a clasificación en Ferrol

O EMPATE NO PARTIDO DE IDA NO ANEXO deixa a eliminatoria aberta, pero os de Adrián González, tiveron a ocasión de tomar vantaxe

O encontro de ida da eliminatoria que mide a Cidade de Lugo con Praia e Cariño por seguir con vida na loita polo ascenso á Liga Galega júnior masculina finalizou con empate a 64, polo que o pase decidirase no encontro de volta en Ferrol dentro de 15 días.

Cidade empezou mandando no Anexo, cun xogo alegre en ataque pero con problemas defensivos, de aí que a diferenza no primeiro cuarto fose tan só de 6 puntos, 24-18.

Coa premisa de dar un paso á fronte atrás, Cidade iniciou o segundo

CIDADE LUGO		BBCA	
64		64	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Rasilla	14	Várez	
Alejandro		Morado	
P. Mato	19	Cobelo	
P. Díaz	12	Salgado	
Pedro		Cabana	
Fiz		Carreño	
Héctor	10	Fernández	
Jose	6	Fernán	
Carlos		Castro	
Ignacio	3	Corujo	
		Estévez	

“Mala segunda parte que nos deixa un gran partido de volta” **ADRIÁN GONZÁLEZ** Cidade Lugo

coller ritmo de partido, con problemas para anotar con fluidez e fráxiles en defensa. Pese a iso, chegaron aos últimos dez minutos con vantaxe no marcador, 49-46.

No último cuarto chegaron os peores momentos para os de Adrián González, que se viron con ata oito puntos por debaixo no marcador. Con todo, cun último arreón, os lucenses conseguiron igualar as forzas no marcador para terminar cun

64

EMPATE Un resultado final pouco habitual no baloncesto, pero que deixa todo por decidir a unha carta en Ferrol tralo parón da próxima semana

empate a 64 que deixa todo aberto de cara ao encontro de volta no que os dous equipos xogaranse a un encontro o seguir con vida na fase de ascenso.

Cadete masculino e feminino > Segunda división

FICHAS PARTIDOS • FRASES CADETE 2ª MASCULINO

“Relaxamos e, ao final, a vantaxe foi curta. O noso punto débil volveu ser o rebote defensivo”

MARIÑA CB Celtas

“Mejora sustancial de juego y actitud”

DIEGO SALGADO Sagrado Corazón

“La falta de concentración e intensidad en algunos patidos nos pasa factura”

MANOLO COBAS CB Burela

“Muy serios controlando el partido a pesar de las bajas”

RUBÉN ENGRUBA Hierros

“Falta de intensidad en el inicio del partido”

ANDRÉS CORRAL Estudiantes 03

“Contento del esfuerzo del equipo pudiendo dedicarle la victoria a Cris Seijo”

ALEJANDRO Cidade de Lugo

“Tenemos que seguir trabajando para ser mas consistentes durante todo el partido”

JAVI MOYA Oral Design

“Partido para repartir minutos e volver ter as sensacións da primeira volta”

RUBAL CB Ria de Ribadeo

Celtas despegou no terceiro cuarto

CB CELTAS	AX SAGRADO
53	46
Xogador	Xogador
Pablo	Juan 10
Dani	Javi S. 7
Miguel	Javi G. 11
Martinez	Alex 10
Moineiro	Iván 6
Xavi	Mario 2
Sergio	Elias
Joel	
Miguel A.	

*Anotación non facilitada por Celtas

Hierros levou a iniciativa en Burela

CB BURELA	HIERROS
52	79
Xogador	Xogador
Alex S. 29	Adrián 22
David 13	Mario 10
Hugo 10	Julían 23
Cristian	Pablo 3
Alex P.	David 10
Daniel	Dani 11
Antonio	
Xoel	
Miguel	
Iván	

Cidade saíu a pola vitoria no Anexo

ESTU 03	CIDADE
50	67
Xogador	Xogador
Iago	Sixto 2
Ales 6	Alberto 6
Jorge 8	Andrés 24
Javi 2	Nico 8
Mario 11	Ricky 10
Santi	Ignacio 17
Borja	
Adrián	
Hugo 9	
Sebas 14	
Juan	

Ribadeo recupera as boas sensacións

ORAL DESIGN	RIBADEO
34	85
Xogador	Xogador
Jorge	Mario G. 8
Xoel	Iker 3
Eros	Mario Glez 18
Noel	Pablo 14
Iago	Edu 3
Raúl	Gautama 20
Miguel	Adrián C. 9
Iaguito	Adrián P. 8
Sergio	Roi 2
	Dani

*Anotación non facilitada polo Sarria

2

XORNADAS PARA O FINAL

A antepenúltima xornada da Liga completárase mañá co Estudiantes-MGR Sarria. A liga reanudarase tras o parón con dúas xornadas por diante nas que se decidirá o campión

O CB Ribadeo logrou ante o Oral Design unha vitoria coa que segue dando pasos cara a unha última xornada a cara ou cruz contra Estudiantes 02. Os mariñaos deixaron claras as súas intencións no primeiro cuarto, cun parcial de 4-24, e non amosaron fisuras ante un rival que pagou cun marcador avultado o seu desacerto anotador.

CB Burela e Hierros protagonizaron un entredito duelo na zona media da táboa. Malia presentarse en Vista Alegre con baixas, tras un primeiro cuarto igualado, os de Rubén Engroba tomaron o mando do partido e do marcador, cedendo só o último período por dous puntos.

En Marzán, nun partido con so tres cadetes

por cada equipo, os locais impuxéronse ao Sagrado Corazón que, malia amosar unha versión melloorada, fixo demasiadas concesións en momentos clave. Tras un primeiro cuarto de ritmo lento e igualado, 6-7, nos primeiros minutos do segundo, o Celtas fixo un parcial de 10-0 que comezou a desequilibrar a balanza. No terceiro cuarto, os de Foz despegaronse definitivamente no marcador. O Sagrado Corazón fixo o seu mellor xogo no último cuarto, xa sen a presión do marcador.

No outro partido disputado durante a fin de semana, Cidade de Lugo logrou a ansiada vitoria de homenaxe a Cristina Seijo ante Estudiantes 03. Tras uns primeiros minutos de tanteo, os visitantes puxeron o mono de traballo en defensa, recuperando rapidamente balóns que lles permitían correr e anotar con facilidade. Así, ao final do primeiro cuarto, o marcador amosaba un contundente 9-25. Unha renda de 16 puntos que lles chegou para chegar ao final do partido sen sobresaltos malia os

15/04

DATA PARTIDOS APRAZADOS

Os partidos Ensino 02-Terras da Mariña e Floristería Madeira CB Sarria-CB Ribadeo disputaranse o vindeiro 15 de abril. Ningún equipo pode permitirse fallar ata o final do campionato

intentos de reacción de Estudiantes 03.

Liga feminina

Cos partidos de CB Ribadeo e Ensino 02 aprazados ata despois do parón de Semana Santa, a actualidade da competición pasa polas vitorias de

Ensino 03 e Estudiantes esta fin de semana. Menos previsible parecía a das ensinistas, que perderan o partido de ida (62-36) e chegaban ao encontro con tres vitorias menos na clasificación. No entanto, a convicción das locais derrocou os prognósticos. Pese a non estar acertadas en ataque, a intensidade en defensa permitiulles ir abrindo, aos poucos, distancia no marcador. Estudiantes repuxose ás baixas e venceu ao Terra Chá, que non puido dar continuidade ás boas sensacións coas que remataron a pasada xornada.

FICHAS PARTIDOS • FRASES CADETE 2ª FEMININO

Ensino 03 creu máis na vitoria

ENSINO 03	SAN CIPRIÁN
46	32
Xogador	Xogador
Sabela 3	Lucía
Nerea 15	Maruxa
Marta	Alejandra
Silvia 6	Maria
Clara	Irina
Pilar 7	Julia
Xiana 6	Carla
Candela 7	Angela
Lucía 2	Marta

“Necesitamos recuperar la confianza para mostrar intensidad los 40 minutos y volver a nuestra mejor versión”

IRIS San Ciprián

“Con esta intensidad podemos competir a cualquier equipo”

ADRIÁN DASILVA Ensino 03

Estudiantes reponse ás baixas

TERRA CHÁ	ESTUDIANTES
39	74
Xogador	Xogador
Laura	Silvia
Ari	Laura Ch.
Carmen	Antia
Sonia	Cristina
Guadalupe	Lian
Carla	Erika
Alba	
Reyes	
Andrea	
Ainhoa	

“La mejoría no vale de nada cuando no se compite”

JUANJO Terra Chá

“Partido muy completo en el que las jugadoras realizaron un esfuerzo extra por las bajas”

MARCOS LÓPEZ Estudiantes



Andrés, de Cidade, seguido polo estudiantil Mario



Juanjo, adestrador de Terra Chá, coas súas xogadoras



Carla, xogadora de San Ciprián, defendida por Nerea



Ignacio rodeado dos celestes Jorge, Ales e Sebas



Paula, Ari, Sonia, Carla e Laura, do cadete Terra Chá



Irina baixo o aro entre as ensinistas Lorena e Silvia

Preminibasket > Segunda

Estu Violeta achégase á final

AS DE JULIA PENA impuxéronse a María Auxiliadora na ida da semifinal. **MARISTAS MASCULINO** tamén deu primeiro na loita polo provincial masculino

Estudiantes Violeta puxo de cara a súa clasificación para a final polo título provincial de preminibasket feminino ao vencer a María Auxiliadora no primeiro partido da semifinal.

As de Julia Pena encaran o partido de volta, que se disputará tras o parón de Semana Santa, co aval dunha vitoria, sen alardes en canto ao xogo, pero con suficiencia no marcador, 32-63.

Preminibasket masculino

A segunda fase arrancou esta fin de semana cun duelo por todo o alto entre Maristas Azul e CB Ribadeo -os dous favoritos ao título ao contar coas dúas vitorias da primeira fase-. Os colexiais gañaron o primeiro pulso, 72-60, nun partido no que sempre foron por diante, con vantaxes superiores aos 10 puntos, pero que se apertou no quinto período, cando os de Sama recurtaron a distancia a catro. No último sexto, Maristas retomou o mando e ampliou de novo a renda.

Tamén comezou con vitoria Estudiantes Vermello, que se impuxo ao Viveiro, 79-47, nun encontro con moito ritmo no que os celestes aguantaron o tirón con 8 xogadores.



Franciscanos - Maristas Blanco



Maristas Azul - Ria de Ribadeo 08



Maristas Azul - Ria de Ribadeo 08



Franciscanos - Maristas Blanco



Franciscanos - Maristas Blanco



Maristas Azul - Ria de Ribadeo 08

LISTAS CATEGORIAS SUPERIORES E PROVINCIAIS PUNTOS

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO			Puntos PRE-INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador@	Equipo	Ptos.	Xogador@	Equipo	Ptos.
MARCO	RIBADEO	378	MARINA	ENSINO	279	GAUTAMA	RIBADEO	359	IRENE	RIBADEO	419	IKER	RIBADEO	438	ANTÓN E.	BURELA	346
RIVAS	ESTU 1	303	SILVIA	ENSINO	274	M. GLEZ	RIBADEO	356	ADRIANA	ENSINO 02	227	HUGO	S. CIPRIÁN	375	JOEL	GALÉN	286
TRASEIRA	ESTU 1	298	NÚRIA	ENSINO	229	ADRIÁN	HIERROS	288	MARTA	S. CIPRIÁN	199	JAVI	RIBADEO	365	CRISTIAN	GALÉN	267
RASILLA	CIDADE	282	SARA	ESTU	216	LUCAS	ESTU	286	SARA	RIBADEO	197	MARTA	BURELA 04	301	MANUEL M.	GALÉN	256
P.DÍAZ	CIDADE	268	ESTHER	ENSINO	215	DAVID	BURELA	270	NEREA	ENSINO 03	184	MARIO	S. CIPRIÁN	277	DIEGO N.	BURELA	228
P.MATO	CIDADE	268	IRENE	RIBADEO	162	CABE	ESTU	243	C. LEBOREIRO	ENSINO	176	PABLO	CIDADE	239	PABLO	GALÉN	183
ALBERTO	RIBADEO	247	ANA C.	RIBADEO	158	DANI	HIERROS	231	JULIA	S. CIPRIÁN	172	MARÍA	ESTU 2	221	CARLOS B.	BURELA	166
ANXO	ESTU 1	247	ZELTIA	ESTU	150	IGNACIO	CIDADE	224	KRISTINA	ENSINO 02	172	JULIA	BURELA 04	202	ÁLVARO F.	BURELA	122
IAGO	ESTU 1	230	MARÍA	ENSINO	121	LUIS	ESTU	204	CARMEN	ENSINO 02	152	SAMUEL	CIDADE	200	MARCOS	BURELA	89
DIOBIS	VIVEIRO	214	NATALIA	ENSINO 2	110	JUAN	HIERROS	196	REBECA	T. MARIÑA	143	DANI	AXSC	199	FABIO	GALÉN	65
HERMIDA	ESTU 1	213	MARTA	ESTU	106	ALBERTO	CIDADE	190	NURIA	ENSINO	139	JUAN	AXSC	178	LUIS F.	BURELA	64
GARABITO	ESTU 2	181	ANA D.	ESTU	96	MARTÍN	HIERROS	182	NATALIA	ENSINO	110	LUIS	S. CIPRIÁN	168	JOAQUÍN	BURELA	53
M. GLEZ	RIBADEO	148	NICOLE	ENSINO 2	95	ÁLEX G.	BURELA	180	ALEJANDRA	ENSINO	109	CAROLINA F.	GALÉN	143	DANIEL P.	BURELA	45
MATEO	VIVEIRO	123	VANIA	ENSINO 2	94	PABLO	RIBADEO	169	MARTA	T. MARIÑA	107	SANDRA	BURELA 05	142	BRUNO	GALÉN	31
MIGUI	RIBADEO	119	NURIA	ENSINO 2	83	ANDRÉS	CIDADE	147	CARLA	S. CIPRIÁN	104	CLAIRE	NSN 04	131	MANUEL P.	GALÉN	25
ANTÓN	ESTU 1	101	NURIA	RIBADEO	81	MARIO	NURIA	133	LUCÍA	ENSINO 02	102	SAMUEL	AXSC	131	JESÚS	GALÉN	16
DANI	ESTU 2	101	FÁTIMA	RIBADEO	78	SEBAS	ESTU 03	125	MENCÍA	T. MARIÑA	101	IRIA	BURELA 05	129	SERGIO	GALÉN	16
ANDRÉS	ESTU 1	97	ADRIANA	ESTU	74	JORGE	ESTU	120	IRIA	ENSINO 02	100	MIGUEL	ENSINO	121	VENTO	GALÉN	10
ÁNGEL	VIVEIRO	85	SARA	RIBADEO	71	HUGO	BURELA	118	MAITE	ENSINO	86	ANDRÉS J.	ESTU 04	117	ADRIÁN	BURELA	5
LUCAS	ESTU 1	80	MAITE	ENSINO 2	68	ÁLEX	AXSC	108	CATUXA	ENSINO	84	ÁLVARO	ESTU 04	116	RAÚL	BURELA	4
PIEDRACOBIA	ESTU 2	79	ALEJANDRA	ENSINO 2	65	MARIO	HIERROS	107	IRINA	S. CIPRIÁN	83	ROI	S. CIPRIÁN	114	IZAN	BURELA	2
TRABADO	ESTU 1	78	ANDREA	RIBADEO	64	PEDRO	CIDADE	106	PILAR	ENSINO 03	83	NURIA	BURELA 05	111	-	-	-
JULIÁN	VIVEIRO	69	ALEJANDRA	ESTU	63	A. PARDO	RIBADEO	104	ANY	ENSINO	82	DARÍO	RIBADEO	109	-	-	-
BRAIS	VIVEIRO	63	CARMEN	ENSINO	61	NICO	CIDADE	102	ALEJANDRA	S. CIPRIÁN	76	PABLO	AXSC	106	-	-	-
DARLING	RIBADEO	63	LIDIA	ENSINO 2	61	DAVID	HIERROS	96	YANIRA	T. MARIÑA	73	SARA	BURELA 04	104	-	-	-
ÁLEX	CIDADE	62	CARMEN	ENSINO 2	53	M. GARCÍA	RIBADEO	94	ALDARA	RIBADEO	71	PABLO	ESTU 04	101	-	-	-
CARLOS	CIDADE	59	NURIA B.	ENSINO	53	PEDRO	ESTU	91	SABELA	ENSINO 02	71	MANUEL	S. CIPRIÁN	92	-	-	-
GAUTAMA	RIBADEO	57	CANDELA	ESTU	52	RICKY	CIDADE	90	MARÍA	S. CIPRIÁN	65	ANTÍA	CIDADE	89	-	-	-
JACOBO	ESTU 1	56	ALDARA	RIBADEO	47	JAVI G.	AXSC	85	FÁTIMA	RIBADEO	64	RAMIRO	ENSINO	89	-	-	-
JOSE	VIVEIRO	54	CARLOTA	ENSINO 2	45	DIEGO	BURELA	83	LUCÍA M.	ENSINO 02	64	SABELA	CIDADE	88	-	-	-
HÉCTOR	CIDADE	48	ANDREA	ENSINO 2	40	A. CARREIRA	RIBADEO	81	ÁNGELA	S. CIPRIÁN	61	JULIÁN	AXSC	84	-	-	-

O baloncesto base ten unha cita na Fonsagrada esta Semana Santa

A ASOCIACIÓN XUVENIL SAGRADO CORAZÓN organiza o I Torneo Montes e Vales Orientais coa colaboración do Concello fonsagradino e o Grupo de Desenvolvemento Rural 3, nunhas instalacións únicas que se poñen ao servizo dos máis de 250 participantes que disputarán esta competición

O concello da Fonsagrada acolle a vindeira fin de semana, aproveitando o parón nas competicións, o I Torneo Montes e Vales Orientais, organizado pola Asociación Xuvenil Sagrado Corazón coa colaboración do Concello e o Grupo de Desenvolvemento Rural 3 "Montes e Vales Orientais".

Un total de 20 equipos de infantil e cadete das provincias de Lugo, Coruña, Asturias e León daranse cita nas pistas do Polideportivo Municipal e do IES Fontem Albei da vila da montaña. Os conxuntos dividiranse en diferentes grupos, repartidos por categorías, e xogarán liguiñas para establecer a clasificación final.

O Torneo ábrese o sábado ás once da mañá. Así, sen pausa, a xornada alargarase ata as 19:40, hora á que se disputarán os últimos encontros do día. O mesmo sábado, trala cena, celebraranse diferentes actividades voluntarias para todos os participantes.

O domingo a competición dará comezo ás 9:30 e os partidos sucederán ata as oito e media da tarde, hora á que se procederá á entrega de trofeos, na que estarán presentes todos os equipos participantes na primeira edición deste Torneo.

20

EQUIPOS cadetes e infantís das provincias de Lugo, Coruña, Asturias e León aproveitarán o parón de Semana Santa para participar no Torneo

34

PARTIDOS en total ao longo de toda a fin de semana. A competición dará comezo o sábado ás 11:30h, mentres que o domingo a xornada comeza ás 9:30h.

I TORNEO MONTES E VALES ORIENTAIS

31 de Marzo e 1 de Abril

CONCELLO DE A FONSGRADA

Polideportivo Municipal Pavillón IES Fontem Albei

INFANTIL MASCULINO

- CB Laviana
- Ciudad de Ponferrada
- Colegio san Fernando
- Agustinos Eras

INFANTIL FEMENINO

- Ciudad de Ponferrada
- Colegio san Fernando
- Basquet Coruña
- Agustinos Eras

CADETE MASCULINO

- Hierros Ferreiro AXSC
- Basquet Coruña
- Centro Asturiano de Oviedo
- CB Burela
- Cidade de Lugo
- Ciudad de Ponferrada
- CB Laviana
- Colegio San Fernando

CADETE FEMENINO

- Ensino Lugo
- Ciudad de Ponferrada
- Colegio san Fernando
- CB Sagrado Corazón

CONCELLO DE A FONSGRADA



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Foto de familia dos equipos participantes na segunda concentración de Babybasket organizada polo Estudiantes Lugo este sábado nas pistas do Anexo | Raquel González

Lugo e Sarria acolleron unha nova festa do Babybasket

Estudiantes, Franciscanos, Maristas, María Auxiliadora e Burela participaron nunha concentración na capital. Mentres que O Chanto acolleu as ligas escolares comarcais



Xogadores do Estudiantes animando nun encontro | Raquel Glez.

Oito equipos de Maristas Lugo, Franciscanos Lugo, Burela, María Auxiliadora e Estudiantes participaron este sábado na segunda concentración de Babybasket da zona centro Lugo organizada polo club estudantil.

Tres equipos de Estudiantes, dous de Franciscanos e cadanseu de María Auxiliadora, Maristas e CB Burela completaron o cartel da xornada que comezou ás 10.00 h. no Anexo, que se prolongou durante a mañá, coa disputa de 28 encontros.

Trátase de concentracións deportivas nas que a convivencia e a formación prima sobre a competición. Todo se planifica con ese obxectivo. Os partidos

non teñen marcador e os equipos poden facer os cambios que consideren oportunos, facilitando así que todos os participantes xoguen o maior número de minutos posibles.

Esta xeración de xogadoras e xogadores prepárase para incorporarse, a partir da temporada que vén, ás competicións de preminibasket provinciais. As concentracións sêrvenles para familiarizarse cos espazos, tempos e normas dos partidos oficiais.

O calendario de concentracións iniciouse o pasado mes de febreiro, coa organización de María Auxiliadora. Está prevista unha celebración cada mes ata o final de temporada.

8

EQUIPOS

A concentración de Babybasket reuniu oito equipos de cinco clubs lucenses: 3 de Estudiantes, 2 de Franciscanos, e un de María Auxiliadora, Maristas e CB Burela

28

PARTIDOS

Ao longo da mañá disputáronse 28 encontros de 25 minutos cada un en formato 4x4, con cambios ilimitados, co obxectivo de que todos os participantes dispuxesen de minutos



Partido entre Estudiantes e Maristas no Anexo | Raquel González



Salto inicial do encontro entre Burela e Franciscanos | Raquel Glez.

NOVO PAVILLÓN DO CHANTO - SARRIA

TERCEIRA XORNADA LIGAS BABYBASKET E XOGADE DO CB SARRIA

Onte sábado 24 de marzo tivo lugar no 'Novo Pavillón do Chantó' en Sarria a terceira entrega das ligas escolares comarcais de baloncesto organizadas polo Club Baloncesto Sarria e a Xunta de Galicia. Dunha banda a Liga Babybasket, para cativos e cativas nados entre os anos 2010 e 2011, e doutra a Liga Xogade, pensada para xogadores e xogadoras pertencentes á categoría Benxamin.

Ambas dúas ligas, sen ánimo competitivo, están promovidas pola Federación Galega de Baloncesto

e pola Xunta de Galicia, a través do Programa Xogade de Deporte Escolar. Nesta terceira tanda tomaron parte nenos e nenas dos colexios sarriaos Frei Luis de Granada e La Asunción, así como dos CEIP Antonio Fernández López de Oural, San Miguel de Paradelas e Ricardo Gasset do Incio, todos eles acompañados dos seus respectivos adestradores e adestradoras. A xornada desenvolveuse entre as 10h e as 13.30 h. nun ambiente relaxado e de confraternidade.



Os participantes na xornada disputada en Sarria posan na cancha do Novo Chantó | CB Sarria